



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE MAIO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crea e se regula a Medalla Emilia Pardo Bazán para o recoñecemento de accións relevantes en prol da igualdade entre mulleres e homes.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Bueu da estrada provincial EP-1310, rúa Ramón Bares.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Salvaterra de Miño de varios treitos de estradas autonómicas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a composición e as funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Unicef Comité Español para actuacións de inclusión social da infancia e da adolescencia na Habana Vella, por importe de corenta mil euros (40.000 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coa licitación da obra de construción dun centro integral de saúde no barrio da Residencia en Lugo, que vai tramitar o Servizo Galego de Saúde e cuxa encomenda de xestión lle corresponde á Axencia Galega de Infraestruturas.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto polo que se regula o Censo do solo empresarial de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a entidade pública empresarial Augas de Galicia para aumentar a porcentaxe legalmente establecida nos pagamentos anticipados previstos na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación para a redacción de plans de emerxencia ante situacións de seca, e se convocan para o ano 2019, por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e respecto dos pagamentos anticipados á exención de presentación de garantías e que poidan acadar ata o 100%, en relación coas axudas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia, programa Talento sénior, por un importe total de novecentos sesenta mil euros (960.000,00 €), e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para reforzo de unidades de apoio á investigación e das oficinas técnicas dos campus de especialización, por un importe total de dous millóns douscentos catorce mil novecentos setenta e oito euros (2.214.978 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de catorce mil seis euros con noventa e dous céntimos (14.006,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de oito millóns seis centos sesenta e sete mil oitocentos euros (8.667.800 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Cultura e Turismo e de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a elaboración conxunta da candidatura Illas Cíes- Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, para a súa inclusión na lista do Patrimonio mundial da Unesco, por importe de oitenta e mil euros (80.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra de mellora de envolventes térmicas do edificio do Hospital do Meixoeiro en Vigo, cofinanciada nun 80% polo programa operativo Feder Galicia 2014-2020, a prioridade de investimento



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Pl.4c. e o obxectivo específico OE. 43.1, por un importe de oito millóns noventa e nove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e oito céntimos (8.099.999,98 €) e un valor estimado de seis millóns seiscientos noventa e catro mil douscentos catorce euros con oitenta e seis céntimos (6.694.214,86 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a implantación da aplicación Caléndula, na plataforma E-Saúde, por importe de setenta e un mil novecentos trinta e catro euros con cincuenta céntimos (71.934,50 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza Consellería de Política Social para superar a porcentaxe nos pagamentos a conta e anticipados, e adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual na Orde pola que e regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono concilia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2019/20. Importe total tres millóns catrocentos oitenta e nove mil douscentos euros (3.489.200,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre o proceso de acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario de Galicia.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE CREA E REGULA A MEDALLA EMILIA PARDO BAZÁN EN FAVOR DA IGUALDADE

- *Trátase dun recoñecemento público ás accións desenvolvidas en defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres*
- *Calquera persoa poderá presentar as candidaturas que considere relevantes, que serán avaliadas por unha comisión de valoración*
- *O prazo para este ano estará aberto durante 20 días hábiles logo da publicación deste decreto no DOG*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e se regula a Medalla Emilia Pardo Bazán, que ten como obxectivo o recoñecemento público daquelas accións relevantes levadas a cabo en favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A distinción poderá ser entregada a persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas, que ao longo da súa traxectoria teñan contribuído á construción dunha sociedade máis igualitaria.

A medalla terá un carácter exclusivamente honorífico e dará dereito a un diploma acreditativo, que non comporta ningún tipo de dotación económica. Cada ano concederanse ata un máximo de tres condecoracións, que revestirán forma de medalla cando sexan a título individual, e placa cando se trate de colectivos, entidades ou institucións.

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que considera relevante destacar o labor doutras persoas, entidades ou institucións.

O prazo para presentar as solicitudes comezará o 15 de xaneiro de cada ano e rematará o 12 de maio, agás este ano, que é o primeiro en que se crean estas medallas. Por iso, neste exercicio o prazo estará aberto durante 20 días hábiles logo da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

As candidaturas serán avaliadas por unha comisión de valoración, que estará composta por varios representantes da Xunta de Galicia de todas as consellerías, pola persoa que exerza no momento a vicepresidencia segunda do Consello Galego das Mulleres, en representación das asociacións e federacións de mulleres, e pola persoa que exerza o cargo de director/a ou conservador/a da Casa Museo Emilia Pardo Bazán.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A entrega de medallas realizarase cada ano o 16 de setembro, día de nacemento da escritora galega, nun acto solemne.

A condecoración leva o nome de Emilia Pardo Bazán por tratarse dunha precursora nas ideas acerca dos dereitos das mulleres e o feminismo, por reivindicar a educación e instrución das mulleres como algo fundamental e por incorporar en todas as súas obras ideas sobre a modernización da sociedade e o acceso das mulleres aos mesmos dereitos e oportunidades que os homes.





A XUNTA APROBA AXILIZAR OS CHAMAMENTOS PARA AS SUBSTITUCIÓNS TEMPORAIS NA ADMINISTRACIÓN XERAL CAMBIANDO O CORREO POSTAL POLA NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA E O SMS

- *A notificación electrónica e o SMS ofrecen as mesmas garantías que o correo certificado, son sistemas máis áxiles e aforran custos á cidadanía e á Xunta*
- *Facenda deixará de enviar cada ano máis de 12.000 citacións postais*
- *Adicionalmente, a Administración tamén usará e o correo electrónico e nos nomeamentos urxentes seguirase usando o chamamento telefónico*
- *A Xunta tamén amplía o ámbito de aplicación das listas, o que beneficiará ás persoas inscritas nelas, porque terán máis posibilidades de ser chamadas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 37/2006, que regula o nomeamento de persoal interino e a contratación temporal de persoal laboral, co obxectivo de axilizar os chamamentos que realiza a Xunta para a cobertura de postos vacantes e substitucións no eido da Administración Xeral. A principal novidade deste cambio é a substitución do correo postal con xustificante de recepción pola mensaxe directa ao teléfono móbil (SMS) e pola notificación electrónica.

O cambio do correo postal polo SMS e a notificación electrónica (notifica.gal) é unha aposta pola introdución dos novos medios electrónicos no sistema de xestión de listas. De feito, ambos sistemas ofrecen as mesmas garantías que o correo postal, posto que a Administración seguirá recibindo a confirmación de que a persoa destinataria recibe o chamamento, pero ofrece importantes vantaxes respecto ao correo postal.

Hai que ter en conta que tanto a notificación electrónica e coma o SMS son sistemas máis áxiles, permitirán simplificar trámites, reducirán os tempos de cobertura e, en definitiva, suporán un aforro de custos para a cidadanía –que xa non terá que facer desprazamentos para presentarse nos actos de selección– e tamén para a Xunta de Galicia.

Con esta modificación, a Consellería de Facenda deixará de enviar cada ano máis de 12.000 citacións postais e para levalo a cabo a Xunta de Galicia outorgará un prazo de 3 meses desde a entrada en vigor da modificación para que aquelas persoas inscritas nas listas que non achegaron un número de teléfono móbil para a súa localización completen este trámite.

O decreto establece que adicionalmente a Administración galega tamén poderá empregar o correo electrónico para realizar chamamentos. En todo caso, a Xunta

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

seguirá realizando os chamamentos de carácter urxente a través de chamada telefónica.

Ademais, o decreto reduce a cinco días naturais o prazo máximo para acceder á citación electrónica, de conformidade coa lexislación estatal. Esta redución permitirá axilizar o procedemento de incorporación ao posto de traballo, tendo en conta que moitos dos postos que se ofertan están relacionados co ámbito asistencial e dos servizos sociais, así como a defensa contra os incendios forestais.

Máis posibilidades

Outra das novidades do decreto é a ampliación do ámbito de aplicación das listas ás entidades instrumentais do sector público autonómico. Este cambio beneficiará as persoas xa inscritas nas listas e tamén ás que decidan inscribirse, porque terán máis opcións de ser chamadas ao ampliarse o número de postos susceptibles de ser cubertos.

Igualmente, a través desta modificación a Xunta regula por vez primeira a xestión das listas destinadas a persoas que acrediten discapacidade intelectual, o que responde ao obxectivo de integrar este colectivo no ámbito do emprego público para garantir o dereito á igualdade de trato e oportunidades.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE BUEU DO TREITO DA VÍA PROVINCIAL QUE COINCIDE COA RÚA RAMÓN BARES

- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme ca Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*
- *Coa transferencia, o Concello será responsable da xestión, mantemento e conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Bueu do treito do viario provincial EP-1310, e que coincide coa rúa municipal rúa Ramón Bares.

O concello pontevedrés solicitou á deputación provincial o cambio de titularidade deste treito urbano que coincide co núcleo rural, que redundará no mellor mantemento da estrada, así como nun control máis directo sobre esta, o que evitará posibles ocupacións indebidas no dominio público. A petición prodúcese tras rematar a colaboración do organismo provincial coa entidade local na execución das obras de reurbanización da contorna.

A Administración provincial de Pontevedra considerou axeitado o cambio de titularidade a prol do Concello de Bueu xa que, polo seu trazado, lonxitude e a súa funcionalidade actual, non reúne as características propias dunha estrada provincial. Deste xeito, o organismo provincial emite informe favorable á transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello de Bueu deste treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o Concello de Bueu asume a competencia para actuar neste tramo e a responsabilidade da súa xestión, mantemento e conservación, e poderá actuar de modo acorde coas súas características.

A entrega da estrada formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto que aprobou hoxe o Executivo autonómico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO DE VARIOS TREITOS NAS ESTRADAS PO-400 E PO-402, NO TRAMO QUE UNE O CENTRO URBANO E ZACOTEIRAS E NA AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO

- *O cambio de titularidade enmárcase no convenio entre o Goberno galego e Concello para executar unha senda peonil e mellorar o tramo que cruza a vila ata a glorieta de Oleiros, cun investimento autonómico de máis de 680.000 euros*
- *Coa cesión da titularidade dos terreos de dominio público viario o concello pode licitar as obras e executar as actuacións comprometidas co departamento de Infraestruturas da Xunta*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme ca Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade*
- *Coa transferencia aprobada hoxe polo Executivo autonómico, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento*
- *O Goberno galego e o Concello colaboran para fomentar investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento económico e social e unha maior calidade de vida á cidadanía*

O Consello da Xunta vén de dar hoxe o visto e prace á transferencia ao Concello de Salvaterra do Miño de varios treitos nas estradas PO-400 e PO-402 ao seu paso polo municipio, no tramo entre o centro urbano da vila e o núcleo de poboación das Zacoteiras e no treito da vía autonómica que coincide coa avenida Rosalía de Castro.

Este cambio de titularidade enmárcase no Convenio de colaboración asinado o pasado 17 de abril entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello Salvaterra de Miño, que cun investimento autonómico de máis de 680.000 euros permite a execución dunha senda peonil nas estradas PO-400 e PO-402, entre o casco urbano e Zacoteiras, e a rehabilitación do firme na PO-400, no treito da avenida Rosalía de Castro que cruza o centro da vila ata a glorieta do núcleo de Oleiros.

Segundo establece este acordo, o Concello de Salvaterra do Miño –ao cal lle corresponde adxudicar, dirixir e executar estas actuacións- asume así con anterioridade á licitación das citadas obras a titularidade dos terreos de dominio público viario necesarios para materializar as actuacións comprometidas co departamento de Infraestruturas da Xunta.

O Decreto autorizado hoxe polo executivo autonómico recolle o cambio de titularidade de todo o dominio público viario da estrada PO-400 (Salvaterra-Filgueira) no tramo



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

comprendido entre o seu inicio e o punto quilométrico 2+320 (glorieta coa PO-402), permitindo así racionalizar a explotación da rede viaria.

O mesmo tamén recolle a aprobación da transferencia do dominio público viaria, salvo calzada e beiravía, na marxe dereita da PO-400 – na contorna da glorieta, entre os p.q. 2+320 e 2+380-, e na marxe esquerda, desde o p.q. 0 da PO-402 e 2+380. Finalmente, tamén se transfere na marxe dereita da estrada PO-402 o dominio público viario na contorna da glorieta entre os p.q. 2+320 e 2+380, salvo calzada e beiravía.

A transferencia a prol do Concello de Salvaterra de Miño dos tramos destas estradas autonómicas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico.

Con estas actuación o Goberno galego, en colaboración co Concello de Salvaterra do Miño, trata de fomentar aqueles investimentos que melloran as condicións de accesibilidade e mobilidade dos veciños e reforzan a seguridade viaria, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que proporcione unha maior calidade de vida á cidadanía.



GALICIA CONTA POR PRIMEIRA VEZ CUN ÓRGANO PARA COORDINAR ACTUACIÓNS EN SANIDADE E EDUCACIÓN COA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL

- ***Prevista na Lei de saúde, ten encomendado o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde e vai supoñer unha colaboración estreita entre as consellerías de Sanidade e de Educación, Universidades e Formación Profesional***
- ***A Comisión deberá ter unha presenza paritaria tanto de mulleres e homes e como das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se regulan a composición e as funcións da Comisión Interdepartamental en materia de educación e saúde. Trátase dun órgano previsto na Lei de saúde que ten encomendado o desenvolvemento de iniciativas de promoción, protección e educación para a saúde, así como a coordinación das consellerías de Sanidade e de Educación, Universidades e Formación Profesional neste eido.

Comeza, deste xeito, un novo ámbito de colaboración dentro da Xunta de Galicia, xa que ata o de agora non existía un órgano con capacidade para coordinar actuacións en materia educativa e sanitaria

No relativo á composición da Comisión Interdepartamental, deberá contar cunha presenza paritaria tanto de mulleres e homes e como das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria.

Entre as funcións da Comisión estará a coordinación dos recursos existentes para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo ou a coordinación das intervencións relacionadas coa protección da saúde, en particular, as orientadas á seguridade alimentaria e á protección fronte aos riscos ambientais.

A promoción da saúde e a realización de programas para a atención do alumnado con necesidades especiais son aspectos fundamentais na actuación deste órgano, que ten unha consecuencia directa no profesorado, no alumnado e nos pais e nais dos estudantes.

O decreto aprobado esta mañá marca tamén as liñas de actuación da comisión, como a coordinación de recursos para a promoción da saúde nos centros educativos mediante intervencións relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva, a saúde mental, os hábitos de vida saudables e a prevención das distintas adicións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Ademais, establece a coordinación e traballo conxunto en programas relacionados co alumnado con necesidades especiais de saúde, no que se refire ás enfermidades crónicas, a saúde mental, os trastornos de conduta alimentaria, os trastornos do espectro autista e outras enfermidades que impliquen dificultades de aprendizaxe.

O decreto establece que a Comisión Interdepartamental se constituirá no prazo de tres meses desde a entrada en vigor daquel.

A creación desta comisión é unha das novidades previstas na Lei de saúde e o inicio da tramitación deste decreto -que regula a súa composición e funcionamento- dá cumprimento ao que se indica nesta Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia. A Lei aborda no seu título XI a creación da Comisión atendendo aos principios de eficacia, eficiencia e participación, e especifica en tres artigos a finalidade, composición e funcións.

A XUNTA COLABORARÁ CON UNICEF PARA POÑER EN MARCHA ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL DE NENOS E NENAS EN CUBA

- *Porase en marcha o proxecto Fortalecemento dos contornos protectores da adolescencia con enfoque de dereitos e equidade na Habana Vella*
- *O obxectivo do proxecto é levar a cabo actuacións relacionadas cos dereitos da infancia e adolescencia, saúde integral, inclusión de persoas discapacitadas, educación para a sexualidade e prevención da violencia de xénero*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e Unicef Comité Español para actuacións de inclusión social de nenos e nenas en Cuba. O convenio conta cun orzamento de 40.000 euros e establece o marco de colaboración para a execución do proxecto Fortalecemento dos contornos protectores da adolescencia con enfoque de dereitos e equidade na Habana Vella (Cuba), que ten como finalidade última a inclusión social e económica de adolescentes cubanos e o desenvolvemento das súas potencialidades, a través dun enfoque baseado nos dereitos e na corresponsabilidade.

O obxectivo principal do proxecto é fortalecer os nenos e adolescentes da Habana Vella en materias de dereitos da infancia e adolescencia, saúde integral, inclusión de persoas discapacitadas, educación para a sexualidade e prevención da violencia de xénero, a través da realización de distintos talleres e itinerarios.

O Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) é a principal organización internacional que traballa para promover os dereitos da infancia e conseguir cambios reais nas vidas de millóns de nenos e nenas, en calquera situación de emerxencia e crise humanitaria. Deste organismo forman parte 37 comités nacionais, entre eles, Unicef Comité Español. O Goberno galego xa ten colaborado con esta entidades en ocasións anteriores dando resposta inmediata a crises humanitarias e, principalmente, sufragando gastos en axuda humanitaria.

O presente convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, e ao Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2019, aprobado polo Consello da Xunta o 7 de febreiro de 2019, en especial no que se refire a promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) por parte das persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

O CONSELLO DA XUNTA HABILITA O CRÉDITO PARA LICITAR AS OBRAS DO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DE LUGO POR IMPORTE DE 12 MILLÓNS DE EUROS

- *Mediante este acordo impúlsase o inicio da contratación das obras o vindeiro mes de xuño e dispórase dun prazo de execución de 20 meses*
- *As obras permiten a rehabilitación do antigo Hospital Materno Infantil, que nunha superficie de máis de 8.000 m² e 6 plantas albergará un centro de saúde, o PAC, a área de Saúde Mental e unha base do 061*
- *A intervención permitirá volver á estética orixinal do edificio e tamén se urbanizará a súa contorna e as súas áreas de contacto coa cidade, ordenándose así os accesos ao novo Centro Integral de Saúde*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a habilitación do crédito para licitar as obras do Centro Integral de Saúde de Lugo por importe de 12 millóns de euros.

O Executivo autonómico deu así o visto e prace ao proxecto de acordo da Consellería de Facenda en relación co gasto de licitación por parte do Servizo Galego de Saúde das obras deste centro do barrio da Residencia, cuxa encomenda de xestión lle corresponde á Axencia Galega de Infraestruturas.

Mediante este acordo a Xunta de Galicia impulsa a execución do Centro Integral de Saúde, cuxas obras está previsto que se liciten o próximo mes de xuño.

A súa construción, que dispón dun prazo de execución de 20 meses, comprende a rehabilitación do antigo Hospital Materno Infantil, que na actualidade se encontra sen uso, pero con protección desde o punto de vista do patrimonio cultural.

O centro disporá dunha superficie construída de máis de 8.000 m² distribuídos en 6 plantas (da -1 á 4) e albergará un centro de saúde, o servizo do PAC/urxencias, unha área de Saúde Mental e unha base do 061.

As obras no antigo Hospital Materno Infantil permitirán volver á estética orixinal, limpando os volumes engadidos e eliminando as cubertas de fibrocemento e edificacións anexadas.

Ademais, coa actuación tamén se urbanizará a contorna do edificio e as súas áreas de contacto coa cidade, ordenándose así os accesos ao novo Centro Integral de Saúde.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Construtivamente, manterase así a estrutura horizontal e proxectarase un edificio en que os espazos de circulación dispoñan de luz natural e vistas, buscando unha imaxe limpa e innovadora.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

GALICIA CONTARÁ CO PRIMEIRO CENSO DE SOLO EMPRESARIAL GLOBAL, EXHAUSTIVO E ACTUALIZADO PARA FACILITAR A IMPLANTACIÓN DE EMPRESAS NA COMUNIDADE

- ***O Consello da Xunta autoriza na súa reunión desta mañá o inicio da tramitación do decreto que regulará esta nova ferramenta, tras pasar o período de información pública***
- ***A finalidade é ter un coñecemento absoluto e ao detalle da totalidade do solo empresarial dispoñible en Galicia, con independencia de quen sexa o seu promotor***
- ***A inscrición será obrigatoria tanto para o solo empresarial dispoñible actualmente como para o que se desenvolva no futuro***

Galicia será unha das primeiras comunidades autónomas en dispoñer dun Censo de solo empresarial global, exhaustivo e actualizado, co fin de facilitar información sobre as posibilidades de asentamento ás empresas que elixan a Comunidade galega como centro de desenvolvemento da súa actividade e para fomentar riqueza e emprego. O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe autorizar o inicio da tramitación do anteproxecto do Decreto polo que se regulará o Censo de solo empresarial de Galicia.

A finalidade desta ferramenta é coñecer ao detalle e de xeito pormenorizado o solo empresarial que realmente está dispoñible en Galicia, con independencia de quen sexa o seu promotor, así como o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma.

Este censo será, ao mesmo tempo, un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial para impulsar desenvolvementos eficientes e social e ambientalmente sustentables.

O anteproxecto de decreto que regulará o censo establece que será obrigatoria a inscrición nel de todas as áreas empresariais existentes en Galicia que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización. Tamén será obrigatoria a inscrición das áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento. A obriga comprende todas as áreas empresariais, independentemente de que sexan propiedade de persoas físicas ou xurídicas, promotoras públicas ou privadas, e con independencia de onde teñan o seu domicilio social. A inscrición neste censo será gratuíta.

A través do futuro censo, os interesados en adquirir solo empresarial en Galicia poderán coñecer a dispoñibilidade de solo empresarial en Galicia, xa que será obrigatorio especificar en cada caso a oferta dispoñible, individualizada por parcelas identificadas coa súa referencia catastral, superficie e usos permitidos. Indicarase o

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

tipo de espazo dispoñible (naves, oficinas ou parcelas), os usos (servizos, industriais, comerciais ou loxística) e a natureza da operación (venta, arrendamento con ou sen opción de compra, dereito de superficie con ou sen opción de compra).

Os cambios que se produzan na situación das parcelas inscritas, como venda ou arrendamento, tamén deberán ser comunicados no prazo máximo dun mes para que a información pública do censo se manteña actualizada.

No casos de novas actuacións de solo empresarial, deberá solicitarse a inscrición no censo no prazo máximo dun mes desde a aprobación do proxecto sectorial ou plan parcial.

Polo que respecta ás áreas empresariais existentes no momento da entrada en vigor do decreto que regula o censo, disporán dun prazo de tres meses para solicitar a súa inscrición nel.

A información pública do Censo de solo empresarial estará dispoñible a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA DESTINAR 250.000 EUROS ÁS PRIMEIRAS AXUDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES PARA A ELABORACIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA FRONTE Á SECA

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade establece un límite máximo de 15.000 euros por solicitude, que poderán completarse con achegas doutras administracións, como as deputacións provinciais*
- *Os municipios de máis de 20.000 habitantes están legalmente obrigados a dispor deste instrumento, recomendable para todos os concellos*
- *A colaboración da Xunta ten como obxectivo facilitar que as entidades locais poidan resolver coa maior dilixencia, eficacia e eficiencia posibles as súas competencias en abastecemento de auga cando haxa episodios de seca*
- *A elaboración destes plans permitirá realizar unha primeira auditoría sobre o estado das redes de abastecemento e identificar as súas debilidades*
- *Os plans incluirán a descrición e diagnóstico do sistema de abastecemento e indicación dos recursos dispoñibles, así como as zonas máis vulnerables en caso de seca ou as actividades estratéxicas que poderían verse afectadas*
- *Tamén incluirán a previsión dunha subministración alternativa ante situacións de escaseza conxuntural e as actuacións que se considere necesario executar para garantir o abastecemento á poboación, incluídas as obras que sexan precisas*
- *Ademais dos concellos, poderán beneficiarse da subvención mancomunidades e consorcios responsables dos sistemas de abastecemento á poboación*
- *Trátase dunha medida enmarcada na estratexia da Xunta para adaptar a xestión da auga na comunidade ao cambio climático e que terá o seu principal instrumento na Lei de abastecemento, actualmente en tramitación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde de axudas destinadas aos concellos de menos de 50.000 habitantes para a elaboración de plans de emerxencia ante situacións de seca e a súa convocatoria para este ano 2019.

O Executivo autonómico deu así o visto e praxe ás axudas dirixidas ás entidades locais responsables de sistemas de abastecemento á poboación da Comunidade Autónoma, que impulsa a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cun orzamento autonómico de 250.000 euros.

Estas axudas convócanse para os plans redactados no ano 2019 e 2020 e outórganse en réxime de concorrencia competitiva. O seu importe será do 80% do investimento subvencionable, co límite máximo de 15.000 euros por solicitude.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

Poderán ser entidades beneficiarias destas axudas os concellos, mancomunidades e consorcios responsables dos sistemas de abastecemento á poboación. Tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de concellos que, a través dun convenio ou doutro instrumento de xurídico, xestionen conxuntamente un sistema de abastecemento.

Con estas axudas o Goberno galego ten por obxectivo que as entidades locais responsables deste servizo público esencial contén cun instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca, de tal maneira que se garanta o abastecemento á poboación e se fomente o emprego eficiente dos recursos hídricos.

A redacción destes plans, que son obrigatorios para os concellos de máis de 20.000 habitantes e recomendables para o resto, permitirán aos concellos realizar unha primeira auditoría sobre o estado das redes de abastecemento para identificar as posibles debilidades.

Contido dos plans

Para seren subvencionables, os plans de emerxencia ante situacións de seca deberán ter un contido acorde co disposto no artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, nas demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación e nos plans de seca das correspondentes demarcacións hidrográficas.

Serán subvencionables os investimentos realizados desde o 1 de xaneiro de 2019 destinados á elaboración de plans de emerxencia ante situacións de seca, asociados a cada un dos sistemas de abastecemento que xestione a entidade local solicitante.

O contido dos plans incluirán, como mínimo, unha descrición e un diagnóstico do sistema de abastecemento, e con indicación dos recursos dispoñibles así como as áreas de captación e as demandas de auga. Nel determinaranse tamén as zonas máis vulnerables no caso de seca, e dos usos da auga máis relevantes desde o punto de vista económico e social, coa identificación da poboación, os condicionantes ambientais ou principais elementos de patrimonio natural e actividades estratéxicas que se poderían ver afectados.

Na redacción do plan debe incluírse ademais un sistema de indicadores e escenario coherente co recollido no correspondente plan de seca da súa demarcación hidrográfica, e as medidas de xestión que se deberán adoptar en cada un dos distintos escenarios incluídos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Tamén deben conter a previsión dunha subministración alternativa ante situacións de escaseza conxuntural, razoable e proporcional ás concretas circunstancias que potencialmente se poidan producir nestas situacións, e a súa duración.

Finalmente, os plans recollerán as actuacións que se considere necesario executar para garantir o abastecemento á poboación durante un episodio de seca, incluídas as obras de captación e conducción que sexan precisas.

Lei de medidas de garantía de abastecemento

O Goberno galego está a traballar en varias liñas para adaptar a xestión da auga ao cambio climático e reducir a vulnerabilidade da poboación galega ante os eventos de seca; entre as máis relevantes cabe salientar a Lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, que está en tramitación neste momento.

Deste xeito, os plans locais de emerxencia por seca considéranse unha prioridade á hora de reducir a vulnerabilidade dos servizos de abastecemento e así queda tamén reflectido no proxecto de lei citado.

GALICIA XERARÁ, RETERÁ E FACILITARÁ O RETORNO DE NOVOS INVESTIGADORES DE ALTA CUALIFICACIÓN A TRAVÉS DO PROGRAMA TALENTO SÉNIOR

- *A iniciativa da Xunta, cunha dotación ampliable de preto dun millón de euros, permitirá a contratación de 14 profesionais con máis de cinco anos de traxectoria en empresas, organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos*
- *Os incentivos para as entidades beneficiarias variarán en función da retribución bruta dos contratos e primarase o regreso de profesionais a Galicia, o emprego indefinido e a incorporación de mulleres*
- *Os 10 doutores e especialistas contratados na primeira edición continúan a desenvolver na actualidade actividades de I+D+i en sectores como as TIC, automoción, aeronáutica, Industria 4.0 ou os servizos de enxeñaría*
- *Como novidade nesta segunda convocatoria, as empresas e centros de coñecemento poden propoñer os perfís profesionais que máis precisen*
- *Talento Sénior é unha das medidas que forma parte do Plan Galicia innova, que ten como obxectivo favorecer a actividade económica e industrial a través da innovación*

A Xunta convocará nas próximas semanas a segunda convocatoria do programa Talento sénior, co que busca impulsar a xeración, retención, atracción e o retorno de investigadores doutores e profesionais de alta cualificación con traxectorias consolidadas para que leven a cabo en Galicia proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en empresas, organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos. Con esta iniciativa, que se aprobou hoxe no Consello da Xunta e que conta cun orzamento ampliable de preto dun millón de euros, prevese apoiar un total de 14 contratacións de persoal con máis de cinco anos de experiencia na área da I+D+i .

Os incentivos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), para as entidades beneficiarias variarán en función da retribución bruta por cada contrato indefinido ou de duración igual ou superior a tres anos, no cal deberán achegar ao profesional que se incorpore ao organismo un salario de cando menos 40.000 euros brutos por anualidade. Ademais, o persoal poderá estar contratado pola entidade beneficiaria da axuda desde o pasado 1 de xaneiro e para aqueles contratos que se formalicen ata o 31 de outubro.

A convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, exige a excelencia das propostas e, así, só se terán en conta aquelas que alcancen unha puntuación mínima do 60% do total dos puntos establecidos no baremo. Como na primeira edición, entre

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

outros criterios, valorarase o perfil da persoa que se vai contratar, a súa experiencia e traxectoria internacional, así como a condición de retorno e atracción. Ademais, tamén se prestará especial relevancia á presentación dun plan de igualdade de xénero no equipo do proxecto e que a persoa contratada sexa muller, primando tamén as contratacións indefinidas.

Entre os obxectivos deste novo programa, que se prevé publicar no *Diario Oficial de Galicia* nas próximas semanas, búscase estimular a demanda de profesionais de alta cualificación tanto no sector público como no privado. Así, dos 14 contratos previstos para este ano, nove están reservados a empresas e cinco a centros de coñecemento (organismos de investigación non universitarios e centros tecnolóxicos).

Como novidade nesta segunda convocatoria do programa Talento sénior, as entidades poden propoñer os perfís profesionais que máis demandan, en lugar do currículo do persoal de alta cualificación, como se requiriu o ano pasado.

De feito, a través da edición de 2018 deste programa, incorporáronse 10 profesionais de alta cualificación a seis empresas, con sete contratos formalizados; ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), con dous contratos; e ao Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), con un. Estas dez persoas seguen a desenvolver actualmente o seu traballo, realizando actividades de I+D+i en sectores como as TIC, automoción, aeronáutico, Industria 4.0, lácteo, pesca ou servizos de enxeñaría.

A Xunta prevé, entre 2018 e 2021, a mobilización de 46,8 millóns de euros a través das súas iniciativas vinculadas á xeración, captación e retorno de talento a Galicia. De feito, Talento sénior, que contribúe á mellora da competitividade das empresas e organismos públicos de investigación galegos, así como á creación de emprego de alta cualificación, complementábase con outros programas impulsados pola Xunta para atraer talento, como o Oportunius, centrado en investigadores excelentes ERC; o programa Principia, que ten permitido desde a súa posta en marcha a incorporación de 362 profesionais menores de 35 anos en 158 entidades; ou o programa Ignicia, no cal a Xunta conta coa colaboración da Fundación Barrié para levar ao mercado, a través do fondo de proba concepto, os resultados científico-tecnolóxicos xerados nos centros de coñecemento galegos con potencial para a súa comercialización, ben sexa a través de licenzas ou a través da creación de *spin offs*, unha iniciativa que permitiu crear e manter 109 empregos cualificados.

Ademais, o programa Talento sénior é unha das medidas incluídas no Plan Galicia innova, que ten como obxectivo impulsar a actividade económica e industrial, o que redundará na xeración de emprego e benestar social a través da innovación.

GALICIA IMPULSA O PROCESO DE ACREDITACIÓN DOS CAMPUS UNIVERSITARIOS BASEADO NA ESPECIALIZACIÓN E NO FOMENTO DA INVESTIGACIÓN

- *A Consellería de Educación inicia este procedemento único no conxunto do Estado, que busca mellorar a dinámica de funcionamento futuro dos campus de especialización*
- *O Programa de especialización dos campus arrancou en 2013 e supuxo a creación de oito proxectos, que recibiron unha inxección económica de máis de 14 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia*
- *Educación destina 2,2 M€ ás tres universidades para o funcionamento das unidades de investigación e das oficinas técnicas dos campus de especialización mentres non completen o procedemento de acreditación*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional polo que se abre o procedemento de acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario Galego (SUG), o primeiro proceso deste tipo que arranca no conxunto do Estado co fin de impulsar unha organización territorial tendente a unha maior especialización, o impulso do labor de investigación e a mellora da calidade da docencia.

Esta acreditación, impulsada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, suporá un recoñecemento ao proceso de transformación levado a cabo desde as universidades par acadar os obxectivos de maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación. Trátase dun proceso aberto no tempo ao que cada universidade se pode presentar cando considere oportuno e que culminará coa sinatura dun convenio economicamente dotado en función da proposta que faga a propia universidade, así como do informe dos expertos que participan no proceso.

O Programa de especialización dos campus do SUG foi lanzado no ano 2013 co obxectivo de promover a especialización e diferenciación dos campus a través da colaboración estratéxica e do aproveitamento das potencialidades económicas das contornas máis próximas.

Este programa -que supuxo un investimento total de máis de 14 millóns de euros entre os anos 2013 e 2018- permitiu o desenvolvemento de 8 proxectos con distintos graos de evolución, que foron os Campus Industrial (Ferrol), Campus Innova e Campus da Sustentabilidade (A Coruña), todos eles da Universidade da Coruña (UDC); o Campus Terra (Lugo) e o da Cidadanía (Santiago), da Universidade de Santiago de Compostela

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

(USC); e o Vigo Tecnolóxico (Vigo), o Campus Auga (Ourense) e o Campus Crea (Pontevedra), todos eles na Universidade de Vigo (UVigo).

Procedemento

Unha vez superada a fase inicial de deseño e posta en marcha dos mencionados campus de especialización, a Consellería dá un paso nesta transformación habilitando un proceso de acreditación no cal deberán participar todos os campus e a través do cal se comprobará se a estratexia se adecúa ao logro dos obxectivos fixados e se deseñarán as futuras actuacións que permitan afondar no proceso de especialización no período 2019-22.

Un Comité de Avaliación constituído por expertos externos ao Sistema universitario Galego será o encargado de analizar a documentación remitida polas universidades, manter reunións directas cos responsables dos campus e elaborar os informes de avaliación correspondentes.

Con base nos ditos informes a Consellería de Educación -a través da Secretaría Xeral de Universidades- resolverá a concesión da acreditación coa cualificación obtida, que poderá ser ben para o período 2019-2022, ben para o período 2019-2021, suxeito á obriga de presentar un informe de progreso intermedio sobre o avance do plan operativo; ou ben que non supera o proceso de acreditación.

Este procedemento de acreditación implica que cada universidade achegue documentación específica sobre cada campus de excelencia onde se identifique, entre outras, liñas de especialización no ámbito da docencia (relación de títulos de grao, mestrado e doutoramento vencellados directamente a esa especialización), de investigación (relación das estruturas de investigación como grupos, institutos, centros de investigación e outras estruturas supragrupais), ou alianzas estratéxicas con empresas e institucións.

Así mesmo, deberán presentar un informe de autoavaliación (que inclúa indicadores sobre organización e gobernanza, estratexia, docencia, investigación, interacción co tecido produtivo e información pública e transparencia), un plan operativo e un plan de viabilidade económica para o período 2019-22.

Achegas de 2,2 M€ ás tres universidades

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e as universidades da Coruña (UDC), de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo) para financiar as unidades de apoio á investigación e das oficinas técnicas dos campus de especialización en tanto non completen o proceso de acreditación da especialización que deben implementar.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por iso, no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-20, Educación inxectará un total 2.214.978 euros este ano 2019 para reforzar a estrutura de investigación destes campus coa finalidade de que non se vexa interrompida a súa actividade de apoio á consolidación da especialización.

Desta cantidade, 1.679.370 euros van destinados ao reforzo das unidades de apoio á investigación das tres universidades, mentres que os 535.608 euros restantes son para o mantemento da gobernanza nos campus de especialización, que inclúe o financiamento dos gastos derivados de contratos de persoal de apoio á actividade investigadora. Pola súa parte, as universidades comprométese a reforzar o seu labor investigador co fin de optimizar e rendibilizar as súas capacidades en investigación e transferencia de coñecemento.



O INVESTIMENTO EN TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO SUPERARÁ O MILLÓN DE EUROS O VINDEIRO CURSO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio con HC San Rafael para este fin***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial HC San Rafael de Vigo. O importe deste, de 14.006,92€, eleva o investimento do departamento educativo da Xunta nesta materia para o vindeiro curso 2019/20 a 1.012.450,32 euros.

O total dos 13 convenios que se van asinar suporá facilitar o servizo a 314 alumnas e alumnos, co apoio de 63 auxiliares. Ao abeiro dos convenios, as 13 asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Os escolares que reciben este apoio presentan distintos tipos de discapacidades polas que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

A XUNTA CONVOCARÁ 67 AXUDAS Á ETAPA POSDOCTORAL DO PERSOAL INVESTIGADOR

- *Favorécese a realización de estadias no estranxeiro e o retorno a Galicia, ao tempo que se apoia a consolidación e continuidade das persoas beneficiarias deste programa en convocatorias anteriores*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, convocará un total de 67 axudas á etapa posdoutoral do persoal investigador. A convocatoria aprobada hoxe polo Consello da Xunta, dirixida á realización desta etapa nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, conta cun orzamento de 8.667.800 €.

O obxecto do Programa de apoio á etapa posdoutoral é outorgar axudas ás universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e ao IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutores e doutoras nos seus centros.

As axudas convócanse en dúas modalidades diferentes, todas elas enmarcadas no Plan de financiamento universitario de Galicia 2016/20. Cómpre sinalar que esta convocatoria quere contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación na formación posdoutoral no Sistema de I+D+i galego, polo que á hora de conceder as axudas se terá en consideración o peso relativo das mulleres nas propostas presentadas, de maneira que se potencie o seu número e a calidade do seu traballo.

Modalidade A

A modalidade A consiste nun contrato de dous anos de duración para realizar estadias no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano en Galicia. Ademais, as solicitudes que propoñan persoas candidatas de nacionalidade española que presenten un plan de estadias de dous anos en Estados Unidos optarán a contar co apoio da Comisión Fulbright e ter a condición de bolseiras Fulbright.

Poderanse conceder ata 46 axudas, dun máximo de tres anos, cun importe máximo de 49.900 euros anuais. As contías serán variables en función do destino dos dous



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

primeiros anos de estadía no estranxeiro e, no caso das persoas que obteñan a condición de bolseiras Fulbright, terán unha dotación complementaria de 5.000 euros en cada ano de estadía.

O importe das axudas nesta modalidade destinarase ao pagamento dos contratos, custos sociais e complementos a cada entidade beneficiaria por persoa contratada. Ademais, unha dotación complementaria para aquelas solicitudes correspondentes a persoas investigadoras que consigan a condición de bolseiros Fulbright durante os dous anos de estadía nos EEUU.

Modalidade B

A modalidade B vai dirixida ao persoal doutor investigador beneficiario dunha axuda posdoutoral na modalidade A da convocatoria de 2016 que acabou o contrato e acadou unha avaliación positiva e a aquelas persoas investigadoras da convocatoria do ano 2014 ás cales, por circunstancias especiais, se lles concedese o aprazamento da avaliación, que completasen o programa e que acadasen unha avaliación positiva

Consiste nun contrato de dous anos de duración e dunha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, co fin de dar continuidade á carreira investigadora destas persoas, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

Poderanse conceder ata 21 axudas, de dous anos, por un importe total máximo de 49.000 euros anuais cada unha delas. O importe das axudas nesta modalidade destinarase ao pagamento dos contratos, custos sociais, axuda para a creación dunha liña de investigación propia e complementos a cada entidade beneficiaria por persoa contratada. Entre os gastos considerados elixibles, asociados á creación dunha liña de investigación propia, están a compra de pequeno equipamento inventariable e material funxible ou material bibliográfico, a contratación de persoal investigador ou auxiliar, ou os gastos derivados do uso de ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, entre outros.

XUNTA E UNIVERSIDADES AVANZAN NA CANDIDATURA DE ILLAS CÍES-PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA A PATRIMONIO MUNDIAL

- *O Consello autorizou hoxe subscribir un convenio coas tres universidades galegas para elaborar o formulario desta candidatura*
- *Mobilízanse 80.000 euros dedicados á caracterización científica e diagnose das Illas Atlánticas de Galicia, un ben natural que inclúe a Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada*

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Cultura e Turismo e de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, para a elaboración do formulario da candidatura a Patrimonio Natural Mundial de Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

O formulario acometerase seguindo o modelo establecido no anexo 5 das Directrices operativas para aplicar a Convención do Patrimonio Mundial da Unesco e será o elemento técnico básico para a inclusión na Lista do patrimonio mundial desta candidatura galega, que abrangue territorios dun total de catro concellos, Vigo (Cíes), Bueu (Ons), Ribeira (Sálvora) e Vilagarcía de Arousa (Cortegada).

Establecer o valor universal excepcional

O convenio conta cun importe de 80.000 euros. Un orzamento dedicado á caracterización científico-técnica do Parque Nacional, a diferenciación da candidatura respecto doutras incluídas na Lista ou que poidan concorrer a ela e o establecemento do seu valor universal excepcional. Executarase durante 2019 e 2020 e contará cun investimento anual de 30.000 e 50.000 euros, respectivamente.

As partes asinantes consideran necesarias as accións e as políticas dirixidas ao estudo, fomento e difusión do noso patrimonio cultural. Iniciativas que se consideran como imprescindibles para unha axeitada valoración deste polo conxunto da sociedade galega. Ambas as partes manifestan, así mesmo, a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da promoción dos valores culturais e patrimoniais de Galicia.

Un traballo interdisciplinario do máximo rigor

A formulación de candidaturas para ser incluídas na Lista do patrimonio mundial da Unesco están suxeitas a distintas avaliacións metódicas por parte de comités de expertos nacionais e internacionais, motivo polo que desde a Xunta de Galicia se

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

considera esencial establecer unha estratexia de cooperación e colaboración con institucións científicas do máximo nivel.

A candidatura deberá estruturarse e redactarse a partir da mellor información científica dispoñible, tanto coa diagnose dos compoñentes do ambiente, a biodiversidade e a xeodiversidade, como coa súa delimitación, valoración territorial e análise das normas de xestión que inciden sobre o espazo e a conservación dos bens do patrimonio natural.

A elaboración da documentación científica-técnico que apoie a proposta de Patrimonio mundial natural leva ademais implícito un procedemento de participación pública, cos distintos axentes territoriais, aos cales se lles deben trasladar os fitos claves desta información, recollendo ademais para a súa formulación final as ideas e propostas de calado que xurdan do devandito proceso de participación pública.

A elaboración dunha candidatura de Patrimonio natural mundial necesita un documento científico e técnico rigoroso onde se realice unha adecuada avaliación dos compoñentes socioeconómicos e do medio natural, acorde cos criterios e formatos establecidos pola Unesco. Este texto debe ser moi rigoroso para poder superar unha avaliación positiva dos comités científicos español e internacional

En resumo, elaborar un formulario de candidatura a Patrimonio mundial exige unha colaboración interdisciplinaria e a maneira óptima de acadalo é apoiándose na investigación de excelencia realizada no marco das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e promovida polas consellerías de Cultura e Turismo e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, acadou do Consello de Patrimonio Histórico Español o recoñecemento da candidatura Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e a súa inclusión na Lista indicativa nacional en outubro de 2017.

Esta lista foi actualizada e publicada pola Unesco o 5 de febreiro de 2018, que lle deu carta de natureza á candidatura. Posteriormente, e por requirimento da propia Unesco, a candidatura permaneceu na lista un ano antes de seguir co procedemento. Transcorrido este período, desde o Goberno autonómico retómase a actividade e encárgase a redacción do formulario.

Candidatura integradora e de consenso



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Cómpre salientar que a Xunta de Galicia busca un acordo dialogado arredor dunha candidatura integradora, de consenso e beneficiosa para o conxunto da Galicia atlántica que, recoñecendo o valor singular das Cíes, defina o conxunto do Parque Nacional como un todo. Neste sentido, fixéronse as xestións precisas no Ministerio de Cultura e Deporte para modificar o nome e reformular a candidatura, introducíndose as achegas feitas desde os concellos con titularidade administrativa sobre os arquipélagos incluídos no Parque das Illas Atlánticas.

Finalmente, cómpre subliñar que unha das grandes fortalezas desta candidatura son os amplos traballos científicos e técnicos feitos sobre o Parque Nacional; a existencia dunha unidade de xestión, que xa actúa na salvagarda dos valores do ben; e a entrada en vigor o pasado mes de febreiro do primeiro Plan Reitor e de Uso e Xestión (PRUX) do Parque, unha ferramenta moi importante para o éxito da candidatura tendo en conta os propios requirimentos da UNESCO.

O SERGAS INVISTE MÁIS DE 8 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO EDIFICIO DO HOSPITAL MEIXOEIRO DE VIGO

- *As obras teñen como obxectivo mellorar a eficiencia enerxética do edificio, para controlar o consumo enerxético e posibilitar a introdución de enerxías renovables*
- *Os traballos centraranse na reforma da envolvente térmica, mellorando a cuberta, a fachada e os cerramentos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da obra de mellora de envolventes térmicas do edificio do Hospital do Meixoeiro en Vigo. Esta actuación, cofinanciada nun 80% polo programa operativo Feder Galicia 2014-2020, ten un importe total de licitación de 8.099.999,98 euros e conta cun prazo de execución de 18 meses. Con esta actuación, o hospital ofrecerá mellores condicións de confort nas súas instalacións para pacientes e reducirá o consumo de calefacción, refrixeración e as emisións anuais de CO₂.

En concreto, con esta actuación búscase mellorar a fachada, cuberta e cerramentos para solucionar os problemas xeneralizados de estanquidade fronte aos axentes atmosféricos. Tamén se pretende mellorar a eficiencia enerxética do centro hospitalario de acordo coa normativa estatal e europea vixente e a recuperación da imaxe arquitectónica.

A intervención enmárcase no Plan de aforro e eficiencia enerxética na administración pública 2015-2020 que ten como obxectivo a redución do consumo de enerxía nos edificios coa finalidade de avanzar cara a unha sociedade baixa en emisións en carbono e administracións responsables no uso e xestión da enerxía, enfatizando o papel exemplificador da Administración pública.

O aforro enerxético estará baseado principalmente en reducir os valores tanto de demanda de refrixeración como de calefacción, actuando sobre os cerramentos dos edificios do complexo hospitalario, xa sexa fachada, cubertas e ocos (ventás, portas e fachadas acristaladas). Estas actuacións estarán baseadas en cambios ou adición de materiais de maneira que se melloran as transmitancias térmicas e as pontes térmicas entre cada un dos elementos que están en contacto entre si.

Tendo en conta estes cambios conséguese unha cualificación enerxética a partir das novas demandas tanto de calefacción como de refrixeración exixidas polo edificio, comparándoos cos parámetros esixidos pola normativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Detalle da actuación

Os traballos que se van desenvolver consisten en engadir unha envolvente nova, que se aplicará sobre as superficies existentes previamente acondicionadas, con substitución das carpintarías dos ocos e un acristalamento máis eficiente desde o punto de vista térmico. Para as cubertas óptase tamén por este mesmo sistema. O revestimento empregado xunto coa carpintaría van proporcionar un material que serve para homoxeneizar elementos.

Cómpre sinalar que durante os traballos o centro hospitalario continuará a súa actividade, polo que as obras de mellora da envolvente se desenvolverán cunha actuación desde o exterior. Así mesmo, todas as operacións se realizarán en coordinación cos servizos de mantemento e, en xeral, persoal sanitario, e ademais realizaranse progresivamente evitando a desprotección do edificio respecto a axentes atmosféricos.



SANIDADE E A USC PORÁN EN MARCHA NA PLATAFORMA É-SAÚDE UNHA FERRAMENTA DIXITAL PARA AXUDAR OS PACIENTES COA SÚA MEDICACIÓN

- ***Sanidade destinará máis de 70.000 euros a desenvolver esta aplicación denominada Caléndula***
- ***Permitirá facer máis efectivos os tratamentos farmacolóxicos, permitirá acceder aos plans, dispensación e á folla de medicación activa, realizará recordatorios persoais da toma de medicación e permitirá buscar medicamentos e oficinas de farmacia, entre outros***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o Convenio para a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, para a implantación da aplicación *Caléndula* na Plataforma É-Saúde. Trátase dun novo servizo dixital que ten como obxectivo acadar a mellora da adherencia dos pacientes aos tratamentos prescritos e mellorar a eficacia destes. A Consellería de Sanidade destina un total de 71.934,5 euros para os anos 2019 e 2020.

Caléndula é unha aplicación para a xestión da medicación realizada en colaboración co Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS). Entre as súas funcións destaca o recordatorio de tomas de medicación e a consulta de prospectos; ademais, a aplicación alerta dos efectos secundarios de medicamentos e permite facer unha xestión de caixa de primeiros auxilios.

A integración desta aplicación na plataforma É-Saúde permite ampliar a súa funcionalidade, xa que queda integrada cos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde, especialmente co Sistema de receita electrónica.

As vantaxes para os pacientes e usuarios serán que toda a información da súa folla de medicación activa quedará integrada na aplicación. Ademais, esta ferramenta contará cun calendario de dispensacións e calculará as datas que optimizan a recollida de medicamentos en farmacia.

O proceso de implantación da aplicación durará dous anos. En concreto, realizaranse tarefas de soporte informático para integrar na aplicación funcións de xestión de múltiples pacientes e xeolocalización temporal de oficinas de farmacia determinando a máis próxima ao paciente. Así, poderase consultar a súa localización, horarios e gardas de todas as farmacias de Galicia as 24 horas do día e durante todos os días do ano. Os traballos tamén irán destinados a facer compatible o uso de *Caléndula* en sistemas IOS e integrar a información de consumos de medicamentos na historia clínica do Servizo

Galego de Saúde (IANUS).

A XUNTA APROBA A NOVA CONVOCATORIA DO BONO CONCILIA, QUE PERMITIRÁ SUPERAR AS 25.000 PRAZAS PÚBLICAS EN ESCOLAS INFANTÍS NO VINDEIRO CURSO

- *O pasado ano beneficiáronse desta medida 4.414 familias, un 20% máis que en 2017*
- *O período de solicitudes amplíase ata o 31 de outubro para aquelas familias en que haxa un nacemento, adopción ou acollemento fóra do prazo ordinario*
- *As familias con nenos nados en decembro de 2018 ou xaneiro de 2019 que estean indo a unha escola infantil privada poderán pedir o Bono concilia sen ter que solicitar praza nun centro público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova convocatoria do Bono concilia correspondente ao ano 2019 e que permitirá superar as 25.000 prazas públicas en escolas infantís no vindeiro curso. Esta convocatoria ten un orzamento de 3,5 millóns de euros, o mesmo importe que o dos dous anos anteriores. Non obstante, estes fondos incrementaranse tanto como sexa preciso para atender todas as solicitudes, tal e como sucedeu no 2017, que dos 3,5 millóns de euros iniciais pasaron a investirse 4,2; e no 2018, no que a contía final acadou os 4,8 millóns de euros. Desta maneira, garátese un ano máis que todas as familias que pidan unha praza nunha escola infantil a obteñan e que non exista lista de espera.

O Bono concilia é unha axuda de entre 45 e 250 euros mensuais para aquelas familias que non obteñan praza nunha escola infantil pública ou que vivan nun concello onde non existan recursos públicos deste tipo. O ano pasado beneficiáronse desta medida 4.414 familias, un 20% máis que en 2017. Con este programa séguese a impulsar a rede galega de atención para nenos e nenas de 0 a 3 anos, co fin de continuar aumentando a ratio de cobertura, que ao longo destes anos pasou do 19% de 2009 ao 44% co que se abrirá o vindeiro curso.

Cómpre sinalar que poderán optar a ela aquelas que tivesen un fillo despois do 31 de decembro de 2016 e, ademais, que esta axuda é compatible con outras destinadas tamén a pagar a gardaría, sempre que non se supere o custo da praza. Terán prioridade aqueles nenos que xa recibisen o Bono concilia o ano pasado, así como aqueles que teñan un irmán escolarizado no mesmo centro que solicitan. A maiores, tamén poderán optar á axuda as familias que obtivesen unha praza pública, pero nas cales os dous pais traballan pola tarde ou en quendas rotativas e a praza non lles chega para cubrir o seu horario.

Así mesmo, na convocatoria deste ano introdúcense dúas novidades importantes. Por un lado, o período de solicitudes amplíase ata o 31 de outubro para as familias en que



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

haxa un nacemento, adopción ou acollemento fóra do prazo ordinario. E, por outro, permítese que as familias con nenos nados en decembro de 2018 ou xaneiro de 2019 que estean indo a unha escola infantil privada poidan pedir o Bono concilia sen ter que solicitar praza nun centro público.